

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 XEFE/A DE BRIGADA DAS BRIGADAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE RIANXO

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN TEMPORAL DE XEFES DE BRIGADA.

Nas dependencias da Casa do Concello de Rianxo, ás 09:00 h do día 17/08/2015, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación temporal de 1 XEFE/A DE BRIGADA segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 382/2016 do día 11/08/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 390/2016, do 16/08/2016, coa seguinte composición:

Presidente: María José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa do servizo de obras municipal (III)

Vocal-Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

A presidenta constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 11 de agosto de 2016 publícase no taboleiro de anuncios do concello de Rianxo e no seu sitio web a convocatoria da antedita contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de dous días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 13/08/2016.

O tribunal comproba que a única persoa candidata incluída na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas presenta a documentación xustificativa de realización na presente campaña de proba de esforzo físico incluída na Recomendación para a contratación de persoal das brigadas de extinción elaborada pola Comisión Técnica ICONA/CCAA para Normalización sobre incendios forestais, polo que se considera APTA a estes efectos e sen puntuación na proba, segundo o recollido no punto 5.1 das bases de selección.

Así, non é preciso realizar a proba física establecida nas bases de selección por non haber persoas aspirantes con obriga de realizala.

O Tribunal comproba que a única persoa aspirante presentou a documentación xustificativa relativa ao coñecemento do galego polo que está exento da realización da dita proba.

Ao remate das anteriores comprobacións o Tribunal realiza as valoracións incluídas no punto 5.2 "Concurso" das bases que rexen o proceso.

O resultado global do proceso é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Oposición	Concurso	TOTAL
MARTÍNEZ PARADA, IAGO	53482417B	APTO	0,50	0,50

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón** a Iago Martínez Parada para cubrir, temporalmente, a praza de XEFE DE BRIGADA vacante para a brigada de prevención e extinción de incendios do Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 09:50 horas, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web.